

## **ACTA DA MESA SECTORIAL EXTRAORDINARIA DO 3 DE MAIO DE 2019**

### **Asistentes:**

#### **Pola Administración:**

Margarita Prado Vaamonde.- Directora xeral de Recursos Humanos.  
Mercedes Castro Seijas.- Subdirectora xeral de Xestión de Persoal e Réxime Retributivo.  
M<sup>a</sup> José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Relacións Laborais e Réxime Xurídico.  
Javier García Caeiro.- Xefe de servizo de Relacións Laborais.

#### **Polas organizacións sindicais:**

María Xosé Abuín Álvarez (CIG)  
Manuel González Moreira (CIG)  
Víctor Vila López (CIG)  
Maite Espantoso Romero (CIG)  
Xosé M<sup>a</sup> Dios Diz (CIG)  
Antonio Otero Peña (CESM-O'MEGA)  
Manuel Rodríguez Piñeiro (CESM-O'MEGA)  
Emilio Armada Rodríguez (CESM-O'MEGA)  
Antonio R. Barca Romero (CESM-O'MEGA)  
Ángel Cameselle Corbacho (CCOO)  
Emilia Lamas Seoane (CCOO)  
Javier Martínez Fente (UGT)  
Carlos Cancela Rodríguez (UGT)  
Marta Curros Ferro (UGT)  
Daniel Otero Castiñeira (CSI-F)  
Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)  
Manuel González Vázquez (CSI-F)  
Carmen García Rivas (SATSE)  
María Teresa Joaquín Suárez (SATSE)

Lugar : Sala de reunións do Servizo Galego de Saúde.

Hora de comezo: 11:00 h. Hora de remate: 13:45 h.

Asistentes: Os membros da mesa sectorial que se relacionan no cadro adxunto.

### **Orde do día:**

- 1.- Dotación de novas prazas no ámbito da atención primaria (Punto 1 do Acordo do 8 de abril de 2019).
- 2.- Mellora do modelo de nomeamento estatutario eventual de continuidade (Punto 4 do Acordo do 8 de abril de 2019).
- 3.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada (Punto 3 do Acordo do 8 de abril de 2019).
- 4.- Rogos e preguntas.

### **1.- Dotación de novas prazas no ámbito da atención primaria (Punto 1 do Acordo do 8 de abril de 2019).**

Directora xeral de Recursos Humanos.- Na reunión do mesa do 26 de abril acordouse celebrar esta do 3 de maio para continuar coa negociación de determinados aspectos do Acordo do 8 de

abril, entre eles a dotación de prazas (2019-2021) e as melloras do nomeamento de continuidade.

Respecto á dotación de prazas: aínda que non é preceptiva a súa negociación, neste caso é oportuno, e foi ademais previamente acordado.

Entrégase o seguinte cadro sobre a dotación de prazas prevista:

**DOTACIÓN DE NOVAS PRAZAS NO ÁMBITO DA ATENCIÓN PRIMARIA**

|                                    | 2019 | 2020-2021 | TOTAL<br>2019-2021 |
|------------------------------------|------|-----------|--------------------|
| MÉDICO/A FAMILIA ATENCIÓN PRIMARIA | 12   | 48        | 60                 |
| PEDIATRA ATENCIÓN PRIMARIA         |      | 20        | 20                 |
| FARMACEÚTICO/A ATENCIÓN PRIMARIA   |      | 4         | 4                  |
| ENFERMEIRO/A ATENCIÓN PRIMARIA     | 25   | 75        | 100                |
| FISIOTERAPEUTA                     | 8    | 22        | 30                 |
| MATRÓN/A                           |      | 10        | 10                 |
| TRABALLADOR/A SOCIAL               |      | 10        | 10                 |
| <b>TOTAL</b>                       | 45   | 189       | 234                |

Aclárase que as correspondentes ao ano 2019 van ser dotadas dun modo inmediato (a través dun suplemento de crédito, como xa se explicou na anterior reunión da mesa, celebrada o 24 de abril). Este número está pechado. Poderán cubrirse inmediatamente con nomeamentos de interinidade e saíran a concurso de traslados e OPE. Respecto ás prazas do período 2020-2021: trátase dun compromiso de dotación mínima, sen prexuízo do que resulte dos traballos do Consello Técnico de Atención Primaria. No cadro figuran prazas de categorías de atención primaria e outras dos dous niveis asistenciais. Para este último caso aclárase que a dotación de prazas será en atención primaria.

Rolda de intervencións

CIG.- Para unha negociación de boa fe hai que achegar datos (censo, vacantes...). Sen eles non se pode facer unha valoración. Tampouco se sabe como afectará esta dotación á OPE, o reparto territorial de prazas... En todo caso a dotación é insuficiente para atender axeitadamente

as necesidades (enfermaría, matró/a, pediatría...). As 234 prazas que figuran como total son a maiores da situación actual dos cadros de persoal?

CESM-O'MEGA.- Valoración positiva, aínda que se debería incrementar a dotación proposta (hai sobrecarga de cupos de MdF e Pediatría). É difícil opinar sen dispoñer dun estudo de necesidades (debería realizarse nalgún foro). Que se concrete a ubicación. Faltan prazas de odontólogo/a.

CCOO.- Debería haber marxe para negociar. As prazas de medicina de familia son as pactadas con colexios profesionais e sociedades científicas. Faltan categorías: TCAE, PSX, odontólogo/a, psicólogo/a, hixienista... Calquera incremento en medicina de familia debe ir acompañado polo incremento noutras categorías (exemplo: 8 prazas de fisioterapeuta son poucas). Habería que facer un auténtico Plan de mellora: necesidades reais, prazos, financiamento ...

UGT.- Faltan datos, pero hai que valorar positivamente calquera incremento de prazas, así como todas as medidas que axuden a reducir os cupos. Ese incremento debería ser maior. Hai que impulsar todas as categorías de atención primaria (farmacéutico/a, traballador/a social...). En fisioterapia o problema é grave (listas de espera de 1 ano). O gran problema continúa a ser a taxa de reposición.

CSI-F.- Hai que valorar positivamente calquera dotación de novas prazas, aínda que neste caso xa sexa tarde e insuficiente. Hai que incrementar prazas en todas as categorías (por exemplo PSX). Nalgunhas categorías (como pediatra e fisioterapeuta) o problema é moi grave.

SATSE.- Calquera incremento de prazas, que ademais estabiliza persoal, é moi ben recibido. Con todo, habería que facer un esforzo e chegar ás 150 prazas en enfermaría e a 50 en fisioterapia. A ratio MdF/enfermeiro/a debería ser 3 a 1. Tamén hai un problema de matronas. Hai que esperar que o reparto territorial sexa o correcto, e que se teñan en conta diversos factores (idade, cronicidade...)

Directora xeral de Recursos Humanos.- En resposta a CIG: as prazas, efectivamente, son a maiores sobre a situación actual dos cadros de persoal.

Á marxe das discrepancias é preciso adoptar medidas inmediatas (o Consello da Xunta aprobará proximamente a dotación de prazas). A análise de necesidades realizarase no Consello Técnico (constituírase o 14 de maio), sen prexuízo das competencias da Mesa Sectorial.

Como xa se explicou en varias ocasións, non se pode cuestionar a dotación de prazas aludindo a concurso de traslados e OPE. Eso si, darán lugar a novas interinidades e a máis oferta para concurso de traslados e OPE.

A taxa de reposición non é competencia de Galicia, pero se están a esgotar todas as posibilidades: 100 % + 8 % adicional por cumprimento de déficit, consideración da sanidade como sector prioritario e taxa adicional para estabilización de emprego temporal (pacto de estabilidade).

No tocante á distribución das novas prazas, procurarase que sexa equitativa entre as xerencias, pero reforzando os ámbitos nos que sexan máis necesarias.

Por outra parte, como medida a medio prazo, xa se propuxo ao Ministerio un incremento relevante da oferta formativa MIR e EIR, que parece que será atendida. De entrada o Sergas crecerá en dotación de prazas (17 para Medicina Familiar e Comunitaria e 6 para pediatria: 23 prazas).

Respecto ao cadro de prazas, reitérase que as correspondentes ao ano 2019 están pechadas, pero hai certa marxe de mellora para 2020-2021. Ademais, aclárase que as prazas que se aproben para ese bienio teñen o carácter de dotación mínima. A pediatria é prioritaria, pero unha dotación inmediata para 2019 non tería efectos reais pola indispoñibilidade de aspirantes.

Tras outra rolda de intervencións e debate acórdase, respecto ao cadro inicialmente presentado, os seguintes incrementos adicionais na dotación de prazas (período 2020-2021):

Médico/a de familia: + 20; total (2020-2021): 48.

Enfermeiro/a: + 30; total (2020-2021): 105.

Fisioterapeuta: + 10; total (2020-2021): 32.

Matrón/a: + 10; total (2020-2021): 20.

Traballador/a social: + 4; total (2020-2021): 10.

O cadro final de dotación de prazas é o seguinte:

**DOTACIÓN DE NOVAS PRAZAS NO ÁMBITO DA ATENCIÓN PRIMARIA**

|                                    | 2019      | 2020-2021  | TOTAL<br>2019-2021 |
|------------------------------------|-----------|------------|--------------------|
| MÉDICO/A FAMILIA ATENCIÓN PRIMARIA | 12        | 68         | 80                 |
| PEDIATRA ATENCIÓN PRIMARIA         |           | 20         | 20                 |
| FARMACEÚTICO/A ATENCIÓN PRIMARIA   |           | 4          | 4                  |
| ENFERMEIRO/A ATENCIÓN PRIMARIA     | 25        | 105        | 130                |
| FISIOTERAPEUTA                     | 8         | 32         | 40                 |
| MATRÓN/A                           |           | 20         | 20                 |
| TRABALLADOR/A SOCIAL               |           | 14         | 14                 |
| <b>TOTAL</b>                       | <b>45</b> | <b>263</b> | <b>308</b>         |

Coas 23 prazas de MIR o incremento é de 331 prazas.

A directora xeral de Recursos Humanos agradece a valoración positiva e o apoio, a esta dotación de novas prazas, por parte de CESM-O'MEGA, UGT, CSI-F e SATSE.

**2.- Mellora do modelo de nomeamento estatutario eventual de continuidade (Punto 4 do Acordo do 8 de abril de 2019).**

Directora xeral de Recursos Humanos.- Onte 2 de maio celebrouse unha reunión da comisión de seguimento do Acordo sobre o nomeamento estatutario eventual de continuidade publicado no DOG do 31 de xaneiro de 2019 (representantes da Administración, CESM-O'MEGA, UGT, CSI-F e SATSE), coa finalidade de debater e analizar posibles melloras. Asinouuse un acordo interpretativo cuxo resumo é o seguinte:

- Xornada (apartado *oitavo* do Acordo): libranza, para o persoal médico de familia, tras garda de alomenos 17 horas nun PAC; procurárase que esté fixado mensualmente, como mínimo, o oitenta por cento da carteleira; equidade na distribución das gardas en sábado, domingo e festivo.

- Estudo de necesidades para a creación de prazas estruturais (apartado *sétimo* do Acordo): a aplicación do réxime xurídico propio do nomeamento de continuidade en relación co ámbito territorial procederá previo tratamento na Comisión de Seguimento.
- Determinación dos ámbitos potenciais que poden abarcar os nomeamentos de continuidade (apartado *terceiro* do Acordo): mantense os mapas de zonificación aprobados no mes de febreiro, e realizarase unha revisión no próximo mes de setembro.

### Rolda de intervencións

CIG.- Procede negociar as melloras na mesa, e non simplemente pedir unha adhesión. Non pode admitirse un acordo pechado. Calquera renegociación do Acordo de xaneiro de 2019 hai que facela directamente nesta mesa sectorial. E o mesmo respecto ao futuro estudo de necesidades (debe tratarse na mesa): que se retire ese punto do acordo que adoptou onte a comisión de seguimento. Estase a incumprir o acordo do 8 de abril (desconvocatoria de folga). As gardas deste persoal en PAC: que se paguen como as dos demais.

Directora xeral de Recursos Humanos.- É lexítimo que a comisión de seguimento acorde determinadas melloras. Na reunión da mesa do 26 de abril xa se adiantou que habería onte esa reunión da comisión, e hoxe esta reunión da mesa.

CESM-O'MEGA.- Estas melloras son benvidas, pero habería que engadir outras. A administración debería reconsiderar a asignación de gardas obrigatorias.

CCOO.- O texto do acordo é descoñecido e non se pode valorar, pero co resumo que se expuxo xa se ve que faltan melloras.

A Administración procede a entregar ás organizacións o texto do acordo da comisión.

UGT.- Non procede agora un debate sobre os foros de negociación, pero hai que respectar o traballo da comisión de seguimento. As peticións realizadas na dita comisión, e incorporadas ao acordo de onte, respostan a reivindicacións do colectivo. Son melloras importantes.

CSI-F.- Son melloras relevantes (libranza, carteleira e reparto equitativo) que non descartan outras reivindicacións (por exemplo retribución das gardas). Hai que incidir en que a aceptación deste nomeamento sexa realmente voluntaria.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Son ratificadas as melloras co apoio das organizacións asinantes do Acordo (CESM-O'MEGA, UGT, CSI-F e SATSE).

### **3.- Condicións laborais e asistenciais do persoal dos Puntos de Atención Continuada (Punto 3 do Acordo do 8 de abril de 2019).**

Directora xeral de Recursos Humanos.- Este punto xa figurou na orde do día da reunión da mesa do 26 de abril. Nesa reunión deuse conta da proposta mellorada presentada e debatida co comité de folga na reunión do 23 de abril, o cal comunicou a súa intención de sometela á votación dos profesionais en asembleas. Neste intre non constan novidades ao respecto.

#### Rolda de intervencións

CIG.- A consulta é o próximo día 8. Hai unha dúbida de interpretación respecto ao punto 4 da proposta (liquidación de xornada complementaria): a Administración está disposta a retirar o dito punto, ou a aplicalo unilateralmente?

Directora xeral de Recursos Humanos.- A pregunta que se fixo a esta administración é se estaba disposta a retirar ese punto, e a resposta foi que si.

CIG.- Pero se vai a aplicar?

Directora xeral de Recursos Humanos.- Aplicarase o que se acorde.

CCOO.- Hoxe haberá unha asemblea para decidir qué se preguntará ao colectivo. A resposta será o día 8. Probablemente se pida unha nova reunión coa administración.

UGT.- Anticipa cal será o contido das preguntas. Está previsto pedir un mediador.



CSI-F.- Probablemente houbo erros de todas as partes nesta negociación. Pide un esforzo á Administración para resolver o conflito.

SATSE.- Estamos á expectativa de que se acade unha solución.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Hai que agradecer calquera información sobre o conflito. A Administración xa fixo o esforzo necesario para resolvelo. Reitera que segue aberta á acadar unha solución, e pide ás OOSS unha actitude proactiva.

#### **4.- Rogos e preguntas.**

CIG.- Hai algunha previsión sobre mesa ordinaria?

Directora xeral de Recursos Humanos.- En principio debería queda para despois das eleccións sindicais (23 de maio). É posible que se celebre unha reunión extraordinaria para unha nova integración Galaria/Sergas.

As OOSS manifestan a súa conformidade.

SATSE.- Hai que unificar criterios en permisos e licenzas. Tamén hai que revisar o cómputo de xornada do Acordo de concertación social (2001). No cómputo debería incluírse o tempo que se dedica á transmisión de información (“solape”).

Directora xeral de Recursos Humanos.- Respecto a permisos e licenzas: xa se está a traballar. Hai un borrador de cadro comparativo, que recolle as últimas modificacións normativas, sobre o que alegarán as xerencias. Respecto ao “solape”: non é un problema xeral, pero se pode estudar. En calquera caso, a implantación de documentación electrónica para transmitir información obriga a analizar doutra forma este problema, e xa hai sentenzas favorables á Administración.



SATSE.- Que se convoque a comisión técnica de especialidades de enfermaría, para tratar un novo concurso específico.

Directora xeral de Recursos Humanos.- Xa se está a traballar, e a recordar ao persoal afectado que vaia cargando a súa especialidade en Fides. Poderase facer unha reunión en xuño.

Logo de tratar os asuntos recollidos na acta, péchase a reunión ás 13.45 horas.